

**Memoria xustificativa da Proposta de acordo polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia.**

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, establece as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. A súa disposición adicional cuarta dispón que o importe das indemnizacións poderá revisarse mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, que se publicará no Diario Oficial de Galicia.

Ata o momento actual, o Consello da Xunta de Galicia adoptou tres acordos de revisión ao abeiro do previsto na referida disposición adicional cuarta do Decreto 144/2001, do 7 de xuño:

- O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional, establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

- O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de xuño de 2008, polo que se actualizan os importes previstos no anexo IV do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razón de servizos ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

- O acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 10 de xuño de 2021, polo que se actualiza o importe previsto no parágrafo noveno do artigo 26 bis do Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

En base ao primeiro acordo, véñense aplicando dende o ano 2006 as devanditas contías, tanto para axudas de custo como para as indemnizacións por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia.



No ámbito estatal, a Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/793/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, actualizou as contías ata agora en vigor, tendo en conta que o artigo 76 do Real Decreto-lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Ucraína e de apoio á reconstrución da illa da Palma e a outras situacións de vulnerabilidade, habilitaba á ministra de Facenda e Función Pública a modificar mediante orde ministerial as contías relativas á indemnización por uso de vehículo particular para 2023.

Neste sentido, incrementouse o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo (+0,07€/km), con base na evolución económica e inflación desde a súa última actualización (2005), agravada pola actual situación económica provocada pola guerra de Ucraína, con especial impacto no prezo dos combustibles. Ese incremento supuxo que, no ámbito da Administración xeral do Estado, o prezo para os automóviles pasou de 0,19 € a 0,26 € por quilómetro percorrido.

De conformidade co exposto, á vista do tempo transcorrido dende a última revisión e tendo en conta as circunstancias da situación económica actual, apréciase a necesidade de actualizar os importes das indemnizacións por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención previstas para o persoal empregado público da Xunta de Galicia. Ademáis, respecto da contía da indemnización por uso de vehículo particular polo persoal empregado público da Xunta de Galicia, utilízase a actualización xa prevista no ámbito estatal en virtude da referida Orde do Ministerio de Facenda e Función Pública HFP/793/2023, do 12 de xullo.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital  
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro